

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2014 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de xullo de 2014 polo que se declara municipio turístico galego o concello de Sober, na provincia de Lugo.

En cumprimento do disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, esta dirección dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión do 3 de xullo de 2014 e que a seguir se transcribe:

Declarar municipio turístico galego, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico:

- O concello de Sober, na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2014

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

